



No conxunto cada edificio ten o seu valor.

Un núcleo histórico

4. Que é?

Os núcleos onde vivimos están constituídos por edificios construídos sobre unha trama de parcelas definidas por muros e rúas que, en moitos casos, é de orixe medieval, se non máis antiga. Non todos os núcleos teñen o mesmo valor cultural, pero a súa diversidade enriquece o noso territorio. Por iso, todos eses edificios e os espazos urbanos dos que forman parte son importantes, e non só os monumentos máis coñecidos aos que acompañan e para os que son moi necesarios.

5. Por que chegaron ata nós?

Durante xeracións eses núcleos conserváronse grazas á calidade dos espazos conformados e dos materiais que constitúen os edificios, e grazas tamén ao coidado que os cidadáns tiveron na súa conservación e no seu uso.

6. Sonnos aínda útiles?

Hoxe, os núcleos históricos representan un valor cultural cada día máis apreciado como espazos de encontro, de cultura e de relación. Os seus edificios pódense adaptar para ter as comodidades que esiximos agora e a variedade das súas vivendas ofrece solucións para acoller todas as formas de vivir que presenta a nosa cambiante sociedade.